

## NOTA DE PRENSA

# O Movemento Galego da Saúde Mental alerta do significativo incremento do suicidio en Galicia

- **Os casos de suicidios ascende a 390 en 2014, segundo os datos propios do MGSM.**
- **O Movemento denuncia a falta de transparencia na información por parte das autoridades públicas.**
- **Asocian este preocupante incremento á inacción das autoridades sanitarias.**

*Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015.* O Movemento Galego da Saúde Mental presentou esta tarde en Santiago de Compostela a súa valoración sobre o que considera como alarmante incremento da taxa de suicidio en Galicia. Baseándose nos propios datos que manexa, estímase que a taxa chegou en 2014 a 14 casos de suicidio por cada cen mil habitantes, unha cifra 2 puntos superior á de 2013 (12,03 por cada cen mil habitantes en Galicia fronte ao 8,3 no conxunto do Estado).

Segundo o portavoz do MGSM, Miguel Anxo García Álvarez, este espectacular incremento que se vén producindo desde o comezo da crise, garda relación directa coas consecuencias da crise. “A crise creou as condicións de risco, un risco xa avisado pola Organización Mundial da Saúde, que sinalara as accións para amortecelas. A ausencia de acción do Goberno é o que nos leva a esta situación”. En canto á responsabilidade administrativa, o MGSM amosouse tallante: “un goberno sanitario debe darse por fracasado se no seu mandato as previsións realizadas por un organismo como a OMS se cumpren con danos á poboación”.

“Encadeamos 4 anos seguidos de subidas. O incremento está sendo alarmante”, tendo en conta que en 2010 a taxa de suicidios na comunidade era de 9,81 por cada cen mil habitantes. En cifras absolutas, as persoas que se quitaron a vida en Galicia foron 390 segundo os datos propios do MGSM, fronte ás 333 de 2013. Cómpre resaltar que na única provincia que conta cunha unidade sanitaria especializada na prevención do suicidio, Ourense, se produciu unha redución máis notable da taxa de suicidio. Esta cuestión ten unha maior incidencia en Galicia, onde sempre presentou unha taxa de suicidio superior á da media do Estado.

Estas repercusións da crise percibíronse noutros ámbitos da vida das galegas e dos galegos, tal e como indicou o MGSM, co que o aumento de casos de suicidio é un terrible indicador da gravidade da situación. Segundo o informe SESPAS produciuse un incremento no consumo de antidepressivos, de hipnóticos e de tranquilizantes, e tamén aumentaron os trastornos de ánimo ou o incremento de consumo de alcol, por exemplo. Circunstancias que se deben a un cambio “significativo” das condicións de vida da cidadanía.

Houbo fortes críticas sobre a tardanza na publicación dos datos por parte do Instituto Nacional de Estatística, que deixou pasar un ano ata informar sobre os falecementos por suicidio. “Este retraso amortece os efectos sobre a sociedade porque xa queda lonxe no tempo”, indicou o portavoz do MGSM, Miguel Anxo García. “Alertamos sobre os danos aos dereitos e ás prestacións da poboación”, e sinalouse unha política restritiva na hospitalización psiquiátrica para ofrecer unha imaxe de sobredotación de recursos.

O MGSM nacía en marzo de 2013 e tal e como indicou o propio García Álvarez, “o que nos alertou hai un ano segue aí”, e engadiu que os datos e as reflexións expostas constitúen unha “situación alarmante para quen traballamos en saúde mental”. Reivindicaron que se cumpran as recomendacións da OMS encamiñadas a aliviar a carga da débeda sobre as familias, aplicar políticas activas de emprego, de protección social, de atención sanitaria, para frear as insoportables consecuencias que está a ter sobre a cidadanía esta crise económica.

**Un saúdo.**

**Contacto para os medios de comunicación:**

**Eliana Martíns | [comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org) | 981 534 049 | 699 908 968**